



Baltasar Garzón, a ex-ministra Dolores Delgado e outros defensores da Memoria Democrática participan na xornada “A iniciativa civil na dignificación das vítimas”.

O colectivo de Iniciativa vilagarcía de Memoria Democrática recupera a súa cita anual con esta actividade en Catoira e co tradicional xantar en Vilagarcía.

Co lema “**os camiños da Memoria Democrática**”, o colectivo Iniciativa vilagarcía de Memoria Democrática, recupera unha das súas actividades anuais máis popular, afectada nos dous últimos anos pola restrición da pandemia sanitaria do Covid-19. Así, para o **sábado, 11 de marzo, ás 14 horas está previsto o Xantar da Memoria** que concentrará a máis de 150 persoas no **Churrasco de Rubiáns**, en Vilagarcía, lugar habitual para esta cita na que se xuntan a meirande parte das persoas que sufragan o proxecto do colectivo. Unha vez máis, o **importe do menú, 25 euros**, inclúe o custo da comida e unha pequena achega para facilitar a continuidade da colocación de paneis divulgativos cos que se ten configurada a **Ruta local da Memoria Democrática**, que contribúen a necesaria pedagogía cívica en favor da lembranza das vítimas causadas pola represión franquista nese concreto sitio da infamia ou nos seus arredores. Os catro xa colocados ata o momento (Os Martices, Loenzo, Estación en Carril de ADIF e no Cemiterio xeral) foron custeados exclusivamente polas achegas da cidadanía identificada coa causa do proxecto sen mediar en ningún dos casos subvención económica de recursos públicos.

“Catoira acollerá un debate, socialmente necesario, sobre a iniciativa cívica na materialización real dos compromisos, a favor da dignificación das vítimas do franquismo, establecidos legalmente porén pendente de cumprimento efectivo polos responsables das institucións políticas encargados de aplicar a lei”

Na tarde do venres, **10 de marzo, comezando ás 17 horas**, nas instalacións e no salón do **AUDITORIO MUNICIPAL DE CATOIRA**, unha xornada conformada por dúas diferentes mesas

redondas facilitará séndoos parladoiros coa participación de relevantes personalidades sobranceiras, na súa traxectoria pública, na causa da Memoria Democrática, pola súa actuación xudicial ou no marco do impulso legal; e máis aínda pola investigación, estudo, publicacións e realización de procesos de catalogación, exhumacións e outras actividades fundamentais no labor de dignificación das vítimas da represión franquista.

Esta actividade conta coa colaboración Concello de Catoira, coa cesión do lugar da reunión e outras axudas que facilitan a materialización dun encontro que poderá seguirse en directo a través da rede de internet, na canle <https://www.youtube.com/@ofaiadodamemoriavilagarcia>

RELACIÓN DE PERSOAS QUE PARTICIPARÁN NA XORNADA:

Baltasar Garzón Real. Xurista. Asesor do Tribunal Penal Internacional. Como xuíz tivo ao seu cargo as investigacións dalgúns dos delitos de máis grande transcendencia pública en causas de crimes contra a humanidade, corrupción política, narcotráficos e outros.

Dolores Delgado García. Fiscal do Tribunal Supremo. Membro da Unión Progresista de Fiscais. Foi responsábel da Fiscalía Xeral do Estado; logo de ser ministra de Xustiza.

Lourenzo Fernández Prieto. Catedrático, director de Historia Contemporánea na USC, do proxecto Nomes e Voces, a represión franquista en Galiza, e do grupo HISTAGRA.

Santiago Macías Pérez, escritor, colaborador de medios de comunicación e fundador da asociación ARMH. Autor de varios libros da Memoria. O último “El monte o la muerte”.

Xosé Álvarez Castro, historiador, autor de varios libros de Memoria Histórica. Entre eles: “Os anos do silencio. Represión e resistencia na provincial de Pontevedra” (1936-1951).

Xoán Carlos Garrido Couceiro. Investigador social, profesor de filosofía e director IES Chano Piñeiro, é autor de varias publicacións sobre nacionalismo e represión franquista.

Eliseo Fernández Fernández. Historiador e bibliotecario galego. Autor especializado no anarcosindicalismo en Galiza e na diáspora da emigración; e nas bibliotecas obreiras.

Eleonore Haddidou. Investigadora internacional en historia e antropoloxía social.

Emilio Crespo Correa. Director da Área de Estudos Socio-Económicos da Fundación “10 de Marzo” de recuperación da historia dos movementos sociais nos anos do franquismo.

Fernando Serrulla. Responsable da Unidade de Antropoloxía Forense do Instituto de Medicina Legal de Galicia. Destacado na investigación forense de violacións dos dereitos humanos. Director da Revista Internacional de Antropoloxía e Odontoloxía Forense.